



Ann Taylor ALLEN, *The Transatlantic Kindergarten. Education and Women's Movements in Germany and the United States*, (New York, Oxford: Oxford, University Press, 2017), 292 pp. ISBN: 9780190274412

A influencia do *kindergarten* en Estados Unidos é xa un fenómeno coñecido, vinculado a Elizabeth Palmer Peabody (1804-1894), quen abriu o primeiro destes establecementos no seu país en 1861, na cidade de Boston. A Guerra de Secesión convenceuna da importancia que tiña aquela experiencia, pero consciente de que necesitaba aprender máis sobre as ideas de Fröbel viaxou a Europa en 1867, para visitar a Luise Levin, viúva de Fröbel, en Hamburgo e tomar contacto cos «transcendentalistas» hebreos, amigos de Carl Schurz, que emigrara aos Estados Unidos como consecuencia do seu papel na Revo-

lución de 1848. Nunha segunda viaxe, que fixo en 1871, coñeceu a Bertha Marentholz Büllow e a Julie Salis Schwabe. Son algúns dos primeiros fios dunha historia fascinante que abrangue desde mediados do século XIX ata finais da Primeira Guerra Mundial.

A importancia deste libro é que descobre as intensas relacións intelectuais que houbo entre Estados Unidos e Alemaña como consecuencia do exilio e a inmigración que provocou a Revolución de 1848. Un dos seus froitos máis extraordinarios foi a recepción do idealismo alemán entre os intelectuais bostonianos que propiciou non só un campo de entendemento común, senón que o *kindergarten* se convertese nunha creación que estaba no centro daqueles ideais sociais. No prefacio, Allen indica que se interesou no estudo deste fenómeno ao darse conta de que o *kindergarten* foi unha creación de feministas, revolucionarios e exiliados políticos que construíron unha rede de intercambios entre os dous países na segunda metade do século XIX.

O libro ten sete capítulos máis unha introdución que titula «Ab Entangled History» e unha conclusión que chama «An Unfinished Agenda». No primeiro deles aborda os orixes do *kindergarten* en Pestalozzi e Fröbel. O que resulta máis interesante é que afirma que a principios do século XVIII a responsabilidade da educación dos fillos era moito máis compartida que a comezos do XIX, por mor de que o pai debía ausentarse lonxe do fogar para lograr o mantemento da familia. A idea da maternidade educadora foi así crecendo, especialmente despois da publicación de *Lienhard und Gertrud*. O relato de como Fröbel chega ao *kindergarten* é moi amplo, lembrando que a súa aparición non só rompeu as barreiras de xénero, senón tamén das relixións. O

Kindergarten, di, «ensinaba unha relixión pouco ortodoxa baseada na natureza, a ciencia e unha ética de responsabilidade social que podería encaixar tanto na reforma das crenzas hebreas como nas cristiás progresistas». Tamén lembra que o declive das economías familiares promoveu unha ideoloxía doméstica que confinaba máis a muller na casa, e que tanto Pestalozzi como Fröbel rexeitaban os arquetipos tradicionais de autoridade do varón e promovían una forma máis suave de masculinidade que estaba «en sintonía coas necesidades e pensamentos dos nenos».

No capítulo segundo estuda como foi ese proceso de transferencia do *kindergarten* desde Alemaña aos Estados Unidos. Precisa que pode parecer que o *kindergarten* sexa un improbable lugar de encontro para as aspiracións revolucionarias, pero ofreceulle ás mulleres unha das poucas oportunidades que tiñan para expresarse. Nun contexto de espesa masculinidade en que eran excluídas, foron abrindo camiño a ambos os dous lados do Atlántico e aínda que empeza mencionando a William Ellery Channing e Wilhelm von Humboldt, pronto aparecen os nomes de Margaret Fuller, Louise Otto-Peters, a xa mencionada Louise Levin, Amalie Krüger, Henriette Breyman ou Johanna Küstner, entre outras; e, por suposto, a máis central Bertha von Marenholtz-Bülow. No entanto, foi máis importante a súa relación con Emma Marwedel e Maria Kraus-Boelte, quen formaría a Susan E. Blow, que abriría en 1873, por influxo de Harris, o primeiro *kindergarten* público dos Estados Unidos en Deas Peres School, Carondelet, Missouri. O máis interesante que sinala Allen é que as ideas non teñen un fogar nacional, senón que son permeables ás fronteiras e o *kindergarten*

proporcionou un espazo transcultural para a mestura de diversos pobos e correntes intelectuais».

No capítulo seguinte lembra as transformacións sociais que os dous países tiveron entre 1866 e 1871. Na análise que realiza sobre o movemento do *kindergarten* na Alemaña desvela as iniciativas de Henriette Goldschmidt quen a través da obra de teatro de Lessing, *Nathan der weise*, animaba a amizade e cooperación entre hebreos e cristiáns. Aínda que o lugar central das súas reflexións o ocupa o labor de Henriette Schrade-Breyman e a apertura do Pestalozzi-Fröbel Haus, e lembra os obstáculos que tivo a difusión do *kindergarten* pola oposición das igrexas cristiás, que conforme dicía o teólogo protestante Theodor Fliedner, os seguidores de Fröbel «esquecían que moitos nenos morrían a unha idade temperá e que por iso tiñan máis necesidade dunha instrución relixiosa que dunha educación a través do xogo».

Neste mesmo capítulo explícase o éxito do *kindergarten* nos Estados Unidos, porque na Alemaña os educadores se enfrontaban a unha poboación homoxénea, con algunhas diferenzas relixiosas, e desexaban aliviar os problemas de pobreza. Porén, os educadores americanos viron no *kindergarten* o lugar ideal para a convivencia e integración dos distintos grupos de inmigrantes que chegaban ao país. Ora ben, tamén era un campo de traballo para as confesións relixiosas e producíanse debates sobre o que unha muller virtuosa podía facer como traballo fóra do fogar, sobre aquilo que diferencia homes e mulleres, e como as elites masculinas atribuían ás súas mulleres maiores calidades para o exercicio da caridade, e pon o exemplo de Phoebe Apperson Hearst. Despois de

analizar o desenvolvemento e os contrastes a ambos os lados do Atlántico, a autora mergúllase no que foi a organización internacional deste movemento para o que considera un compoñente central as relacións xermano-americanas, que contribuíron decisivamente á creación da International Kindergarten Union (IKU).

No cuarto capítulo aborda aspectos máis teóricos sobre a infancia e a pedagogía fröbeliana, os valores do *kindergarten* e os argumentos dos seus críticos, os procesos de modernización e renovación metodolóxica, nos que tivo un papel importante Henriette Breymann e o Pestalozzi-Fröbel Haus, aberto en 1874. Contra 1900, a rutina diaria deste emblemático *kindergarten* empezou a manifestarse de xeito máis avanzado, mesturaron os pícaros de distintas idades, en pequenos grupos, e ao xogo estruturado engadíronse as tarefas domésticas, a preparación dos alimentos, a limpeza e xardinaría, e para os nenos maiores, a costura e a carpintaría. Unha das actividades do día era recoller os chícharos do horto, facer e servir unha sopa e logo lavar os pratos. Tamén descobre as relacións e opinións de John Dewey arredor do *kindergarten* e mesmo as resistencias que algunhas educadoras fröbelianas tiñan respecto das súas ideas, o que levou a profundas divisións na IKU, agravadas pola difusión das ideas de María Montessori, cuxo método, no entanto, criticaría Kilpatrick por consideralo demasiado ríxido e artificial, o que fixo que a súa metodoloxía tardase moito tempo en estenderse polo país. Non obstante, o máis importante das súas reflexións continúe referíndose ao diálogo pedagóxico que o *kindergarten* produciu entre Alemaña e os Estados Unidos.

O capítulo cinco refírese aos procesos de institucionalización do *kindergarten*. Escola ou gardaría infantil? Pregúntase no título, e regresa novamente á análise da aceptación e rexeitamento do *kindergarten* na Alemaña, á súa utilización política, á loita entre mestras e mestres, moitos deles apartados por seren homes e responderen desprezativos, como no caso do *dómine* que dixo que «calquera vella serventa ou avoa era capaz de ensinar a un grupo de nenos». Unhas opinións que contrastaban moito coas que sostiña a maioría do profesorado dos *kindergartens* nos Estados Unidos que gozaban do apoio da National Education Association (NEA) e que formaron, á súa vez, a National Kindergarten Association (NKA) en 1909 cuxo labor principal seguiu sendo a integración das persoas inmigrantes, e empezaron a ter tamén unha ampla presenza entre a poboación afroamericana. No entanto, afirma que «a diferenza dos seus colegas alemáns, os traballadores de *kindergarten* estadounidenses pronto se consideraron máis mestres que asistentes sociais».

O capítulo sexto céntrase no que titula como «o perfecto desenvolvemento da feminidade», como se foi construíndo unha identidade para as mestras de *kindergarten*. A autora comeza subliñando que no século XIX feminidade era sinónimo de «domesticidade», porén o *kindergarten* foi unha profesión feminina que estendía a misión doméstica das mulleres fóra do fogar. No século XIX «ingresar a unha profesión foi unha opción pouco convencional, incluso transgresora, para mulleres respectables de clase media, para quen o matrimonio e a crianza dos fillos eran as únicas vocacións aceptables». Os reformadores, e mesmo algúns dos primeiros líderes do

movemento do *kindergarten*, resolveron este tabú definindo o traballo profesional como unha opción só para mulleres solteiras no período (previsiblemente curto) antes de contraer matrimonio. Con todo, a comezos do século XX, a imaxe da muller como profesional ampliouse, incluíndo a muller solteira que dedicaba a súa vida ao seu traballo, e non só uns poucos anos. Estas consideracións abren ao estudo de dúas grandes xeracións de mestras de *kindergarten*: a primeira entre 1870 e 1900, e a segunda, máis profesional e responsable, que florece nas primeiras décadas do século XX. É quizá aquí onde atopamos as reflexións máis novas e perspicaces de todo o libro: como se fai o tránsito dunha vocación sacra, con frecuencia de raíces relixiosas, a unha profesionalidade feminina libre. Na súa transición desde a segregación por seren mulleres á integración, as mestras de *kindergarten* «exemplificaron patróns máis amplos de profesionalización feminina». Mentres que as xeracións anteriores dependían do apoio de institucións e redes totalmente femininas, «as mulleres máis novas traballaron en contornas integradas como universidades, sistemas escolares e unha serie de axencias públicas e de carácter benéfico».

O sétimo capítulo, finalmente, aborda como eran as relacións xermano-americanas entre 1880 e 1920, e como finalizaron tras o resultado da Primeira Guerra Mundial, que leva ao autor a unha reflexión sobre o que ocorreu tras ese distanciamento, coa instalación da República de Weimar. Comenta que durante a década de 1920, os *kindergartens* alemáns «conservaron a mesma estrutura e estado que antes da guerra, integrados nos sistemas de bienestar en lugar de nos sistemas escola-

res». Así, os xardíns de infancia privados aplicábanse ás familias podentes, en tanto que os de carácter público só atendían aos nenos dos pobres. Mentres, en Estados Unidos, o *kindergarten* perdeu a súa identidade como un movemento de reforma social. Agora o *kindergarten* era unha parte do sistema escolar, pero durante o conflito bélico moitas mestras foron presionadas para viaxar que os pais dos nenos inmigrantes non fosen axentes bolxeviques. E aínda que en 1928 Patty Smith Hill foi á Unión Soviética para visitar os *kindergartens*, a petición da súa colega Vera Fediaevsky, o espírito internacional do fröbelianismo xa languidecera. En 1931, o IKU renomeouse como «Association for Childhood Education» para sacar a palabra «internacional» da súa agrupación, termo que non volvería incluír outra vez ata 1946. Despois de 1920, non foi posible unha restauración das relacións pedagóxicas entre ambos os países, mentres «os odios dos tempos de guerra permanecían para envelenar as relacións internacionais ao longo da era de entreguerras e axudaron a alimentar outra guerra aínda máis terrible».

Na conclusión expónse unha axenda inconclusa: a evolución do *kindergarten* nos dous países despois de 1945. Antes, describe o seu desmantelamento por parte dos nazis, que en moitos casos estaban rexidos por persoal xudeu, e como en 1940 o réxime celebrou o centenario da fundación do primeiro *kindergarten* retratando a Fröbel como un proto-nazi e un educador patriótico. A partir de 1945 Alemaña queda dividida en dous estados e o *kindergarten* segue dúas tradicións distintas. Na República Federal Alemá reaparece como unha institución privada, desconnectada do sistema escolar e administrada principalmente

por axencias privadas de carácter asistencial. Pola contra, na República Democrática é unha institución oficial que serve ás mulleres traballadoras. A reunificación en 1996 abriu unha nova fase en que se reafirma a súa misión tradicional, máis asistencial que educativa, e allea ao sistema escolar. En Estados Unidos o senador Walter Mondale tentou estender os beneficios da educación infantil aos grupos sociais máis necesitados patrocinando a Comprehensive Child Development Act. Tivo o apoio dun amplo segmento de poboación, incluído o movemento feminista, os activistas dos dereitos humanos, sindicatos e educadores, pero o presidente Richard Nixon vetou a proposta á que asociaba, empregando a retórica da guerra fría co comunismo.

A obra é un volume moi ben editado, con imaxes escollidas con coidado, unha amplísima bibliografía e un índice onomástico moi útil para os investigadores. Trátase dun produto de máis de trinta anos de traballo, do que nos deu un atraínte adianto no artigo que publicara na *Revista de Educación* en 1986. Ann Taylor Allen é profesora de Historia Alemá na universidade de Louisville, en Kentucky e especializouse na historia das mulleres, e o seu libro *Feminism and Motherhood in Western Europe, 1890-1970: The Maternal Dilemma* está

considerado como unha obra fundamental na historia da maternidade. No libro fala tamén, e non podería ser menos, do famoso *kindergarten* de Louisville que durante tanto tempo dirixiron as irmás Mildred e Patty Smith Hill. Mildred tiña unha gran formación musical e comezaron a recibir pícaros cunha canción que empezaba dicindo «Good Morning for all» que segundo se conta era música de Mildred e letra de Patty. Pero un día que era o aniversario dun dos nenos, Patty trocou esa letra pola de «Happy birthday to you» e en 1893 a publicaron nun libro titulado *Song Stories for the Kindergarten*. Despois, a canción tivo moitas reclamacións polos dereitos de autor ata que en 1935 a Clayton F. Summy Company a rexistrou ao seu nome. Aínda que hoxe pareza de dominio público, o Warner Music Group mantén os dereitos de autor ata 2030, e así é difícil escoitala cantar pola radio ou nalgunha película, porque a Warner se mantén vixiante sobre a súa interpretación pública (supoñemos que a Marilyn Monroe non lle fixeron a faena de lle cobrar dereitos). É, en definitiva, un libro que merece ser coñecido e lido por todas aquelas persoas interesadas na historia da educación infantil.

Eugenio OTERO URTAZA
Universidade de Santiago de Compostela